# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
# 3º TRIMESTRE
# LINGUA INGLESA
# CURSO 2019 -2020

CENTRO: CEIP DE FIGUEIROA
MATERIA: LINGUA INGLESA
CURSO: 2019 -2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**


1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES TRABALLADOS NO TERCEIRO TRIMESTRE | |
|---|---|
| **Estándares de aprendizaxe traballados no 3º trimestre** | **Grao mínimo de consecución (Perfil de área)** |
| **1º CURSO DE ED. PRIMARIA** | |
| Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade. | Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de moito apoio visual. |
| Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, como estás,…) | Comprende preguntas básicas (nome, como estás,...) sobre si mesmo/a |
| Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión. | Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión. |
| -Amosa unha actitude de escoita atenta. | Amosa unha actitude de escoita aos vídeos. |
| Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de medios audiovisuais. | Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de medios audiovisuais. |
| Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados. | Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados. |
| Comprende a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais. | Comprende a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais. |
| -Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá. | Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá. |
| -Recoñece e utiliza fórmulas básicas de relación social. | Recoñece e verbaliza fórmulas básicas de relación social. |
| Expresa e identifica estados de ánimo básicos (happy, sad,...) | Expresa e identifica estados de ánimo básicos (happy, sad, ...) |
| -Diferenza preguntas e respostas moi simples. | Diferenza preguntas e respostas moi simples. |
| Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula. | Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula. |

| | |
|---|---|
| -Participa activamente en xogos de letras, | -Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados etc. |
| **2º CURSO DE ED. PRIMARIA** | |
| -Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión. | -Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión. |
| Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual. | Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual. |
| -Comprende preguntas básicas(nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais. | -Comprende preguntas básicas(nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais. |
| -Amosa unha actitude de escoita atenta | -Amosa unha actitude de escoita atenta a audios e vídeos. |
| -Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos. | -Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos. |
| Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira. | Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira. |
| -Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. | -Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. |
| -Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais. | Identifica o tema dunha historia e os protagonistas da mesma. |
| -Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. | -Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. |
| -Recoñece e aplica fórmulas básicas de relación social | -Recoñece e verbaliza fórmulas básicas de relación social |
| -Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e do e das demais | -Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e do e das demais |
| -Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, Thank you, escuse me...) | -Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, Thank you, escuse me...) |
| -Adquire as rutinas de saúdos e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas. | -Reforza as rutinas de saúdos e despedidas e de diríxirse aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas. |
| -Expresa e identifica a posesión referida a si mesmo/a e a unha terceira persoa. | Identifica o uso do MY, I’ve got, she/he’s got... |
| Diferenza preguntas e respostas moi sinxelas | Diferenza preguntas e respostas moi sinxelas |
| -Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados, dramatizacións, etc. | -Participa activamente en xogos de letras, xogos con palabras. |
| Expresa estados de ánimo elementais (happy/sad, bored...). | Expresa estados de ánimo elementais (happy/sad, angry,...). |
| Amosa interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula. | Amosa interese por expresarse na lingua estranxeira. |

| | |
|---|---|
| | |
| **3º CURSO DE ED. PRIMARIA** | |
| -Comprende os puntos principais de narracións e presentacións breves e sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese, que conteñen con imaxes e ilustracións que clarifiquen o seu significado. | -Comprende os puntos principais de narracións e presentacións breves e sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese, que conteñen con imaxes e ilustracións que clarifiquen o seu significado. |
| -Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas e conversas breves nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet. | -Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas e conversas breves que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet. |
| -Amosa unha actitude de escoita atenta. | -Amosa unha actitude de escoita atenta de audios e videos. |
| -Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos. | Reproduce textos despois de escoitalos. |
| -Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. | Comprende as frases sinxelas traballadas previamente traballadas. |
| -Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual redundante e identifica os e as personaxes principais | Identifica o tema dunha historia con axuda das ilustracións. |
| -Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. | Escribe frases sinxelas con axuda. |
| -Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar | Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar e/ou de que cor é un obxecto, |
| - Valora a lingua escrita como medio de comunicación. | - Valora a lingua escrita como medio de comunicación. |
| -Utiliza as rutinas de saúdo e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas (hello, goodbye, see you...). | -Repasa as rutinas de saúdo e despedidas e de diríxirse aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas (hello, goodbye, see you...). |
| -Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples con imaxes ilustrativas. | -Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples con imaxes ilustrativas. |
| -Diferenza preguntas e respostas simples. | -Diferenza preguntas e respostas simples. |
| -Memoriza rutinas lingüísticas básicas e sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións mais habituais. | -Memoriza e reforza rutinas lingüísticas básicas e sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións mais habituais. |
| -Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados e dramatizacións etc. | -Participa activamente nos xogos propostos |

| | |
|---|---|
| -Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos sinxelos adecuados á súa idade e escribir con léxico traballado previamente de forma oral. | -Comprende e reforza o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos sinxelos adecuados á súa idade e escribir con léxico traballado previamente de forma oral. |
| **4º CURSO DE ED. PRIMARIA** | |
| 4º-PLEB1.1-Comprende o sentido global e a información mais importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade. | Comprende o sentido global e a información mais importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade |
| 4º-PLEB1.2-Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que conten con apoio visual. | Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que conten apoio visual. |
| 4º-PLEB3.1-Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. | Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. |
| 4º-PLEB3.2-Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística. | Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade. |
| 4º-PLEB4.2-Escribe conversas sinxelas, seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida. | Escribe conversas sinxelas, seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida. |
| 4º-PLEB4.5-Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar | Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar. |
| 4º-PLEB5.5-Expresa, identifica e distingue os tramos horarios e as rutinas do día, prezos, vestimentas | Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe cotiás en distintos contextos. |
| 4º-PLEB5.6-Pregunta e responde de xeito comprensible sobre a localización (obxectos, espazos, seres vivos ). | Pregunta e responde de xeito comprensible sobre a localización (obxectos, espazos, seres vivos ). |
| 4º-PLEB5.9-Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.. | Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información. |
| **5º CURSO DE ED. PRIMARIA** | |
| 5º-PLEB1.1-Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade, procedentes de medios audiovisuais ou da Internet. | Comprende a información esencial cando escoita un texto oral adecuado no léxico e na gramática ao seu nivel sen axuda. |
| 5º-PLEB1.2-Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (xogos de ordenador, peticións, instrucións) sobre temas do seu interese, expresados con claridade e que conten con apoio visual en soporte papel ou dixital. | Comprende palabras, expresións e instrucións sobre temas do seu interese adaptados á súa idade unicamente con apoio visual. |

| | |
|---|---|
| 5º-PLEB2.7-Recoñece a diversidade lingüística da súa contorna como elemento enriquecedor. | Valora a diversidade lingüística que temos. |
| 5º-PLEB3.2-Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade. | Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade. |
| 5º-PLEB3.9-Amosa interese pola corrección, ortografía básica, puntuación e presentación dos textos escritos. | Presenta os seus traballos limpos, ordenados e esforzándose en non cometer erros ortográficos e de puntuación. |
| 5º-PLEB4.1-Elabora textos sinxelos relacionados con temas da súa vida cotiá, experiencias e actividades na aula, traballados previamente de forma oral. | 5º-PLEB4.1-Elabora textos sinxelos relacionados con temas da súa vida cotiá, experiencias e actividades na aula, traballados previamente de forma oral.Escribe ou completa textos sinxelos relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral e seguindo un modelo. |
| 5º-PLEB4.10-Utiliza a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica básica. | Progresa no uso escrito da lingua estranxeira esforzándose en mellorar a ortografía. |
| 5º-PLEB5.6-Expresa, identifica e distingue actividades variadas de rutina, lecer | Recoñece o vocabulario e as estruturas básicas precisas para falar do tempo de lecer, |
| 5º-PLEB5.8-Describe con máis detalle o seu aspecto físico, gustos, afeccións de si mesmo/a e doutra persoa. | Describe seguindo unha estrutura dada o seu aspecto físico, fala dos seus gustos ou dos dos seus compañeiros/as. |
| 5º-PLEB5.10-Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información. | Distingue en todos os casos preguntas e respostas. |
| **6º CURSO DE ED. PRIMARIA** | |
| 6º-PLEB1.1-Comprende o esencial de anuncios publicitarios sobre produtos que lle interesan (xogos, ordenadores, CD etc.). | Comprende o esencial de anuncios publicitarios. |
| 6º-PLEB1.2-Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios, nunha estación ou nuns grandes almacéns). | Comprende mensaxes e anuncios públicos con información variada. |
| 6º-PLEB1.6-Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese (por exemplo, música, deporte etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara. | Comprende as ideas principais de temas básicos como a familia, hobbies con ou sen axuda de imaxes. |
| 6º-PLEB3.2-Comprende información esencial en material informativo como horarios, menús, listas de prezos, anuncios, publicidade, folletos turísticos..6º-PLEB3.2-Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos etc. | Comprende información esencial en material informativo como horarios, menús, listas de prezos, anuncios, publicidade, folletos turísticos.. |
| 6º-PLEB3.5-Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics etc.). | Comprende e identifica personaxes nunha historia . |

| | |
|---|---|
| 6º-PLEB3.6-Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ?, @, ?). | Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos. |
| 6º-PLEB4.1-Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.). | Completa un formulario cos seus datos persoais, aficións... |
| 6º-PLEB5.1-Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar. | Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que traten temas familiares e da via cotiá. |

**AS COMPETENCIAS TRABALLADAS NO TERCEIRO TRIMESTRE**

• Competencia na comunicación lingüística: a excepción da súa dimensión de intercambio.

• Competencia matemática: habilidade para utilizar números cardinais e ordinais.

• Competencia no coñecemento do mundo físico no que se refire aos fenómenos atmosféricos, estacións, animais en distintos contextos,...

• Tratamento da información e competencia dixital: a nosa maneira de comunicarnos e telematicamente e o traballo desenvolto pode ter lugar grazas ao uso das novas tecnoloxías.

• Competencia social e cidadá: comprensión e aceptación da realidade de aillamento social polo propio ben e polo dos demais.

• Competencia cultural e artística: cancións, movemento corporal, debuxo, coloreado, manualidades.

• Autonomía e iniciativa persoal: desenvolver actividades sen a mirada atenta e constante da mestra.

Competencia de aprender a aprender: destacando a organización autónoma, a capacidade de seguir orientacións e facer un uso correcto das mesmas e ter confianza e motivación para sentir que son quen de abordar o traballo de outro xeito.

<table>
<tr><th colspan="2">2. Avaliación e cualificación</th></tr>
<tr><td rowspan="2">Avaliación</td><td>Procedementos:<br>1. Observación sistemática a través de aplicacións telemáticas.<br>2. Análise de producións.<br>3. Intercambios de información co alumnado.</td></tr>
<tr><td>Instrumentos:<br>1. Listas de control de realización de actividades propostas.<br>2. Resolución de exercicios e actividades propostas.</td></tr>
<tr><td>Avaliación Terceiro trimestre<br><br>Cualificación final</td><td>A avaliación realizada terá como finalidade o diagnóstico da situación de cada alumn@ e será formativa. Facilitará ben a recuperación da materia, se non estaba superada en trimestres anteriores, ou poderá mellorar a cualificación anual d@s alumn@s.<br>Dado que a avaliación ordinaria era continua, a nota coincidirá coa da segunda avaliación se ésta é positiva, e poderá valorarse un incremento da mesma se a mestra, á vista do traballo realizado por cada alumno ou alumna neste terceiro trimestre, o considera oportuno.<br>No caso de alumnos coa materia pendente nos primeiros trimestres, valorarase a recuperación da mesma á vista do traballo realizado.<br><br>Para obter a  cualificación final, valoraranse os casos según o traballo realizado e as circunstancias persoais de cada alumn@, de xeito que poderá coincidir coa cualificación do 3º trimestre e/ou verse incrementada. Dada a situación excepcional, a cualificación final nunca se verá mermada con respecto ás dos anteriores trimestres.</td></tr>
<tr><td>Alumnado de materia pendente</td><td>O alumnado coa materia pendente en primaria será avaliado no curso que actualmente estea realizando esta materia. No momento en que un alumno logra o aprobado considérase que superou a materia do curso anterior.</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| **Actividades** | Subímoslle á páxina web do centro todas as actividades programadas para cada semana e que, no caso de lIngua Inglesa, tratamos de preparar exercicios de reforzo e repaso do traballado ata o momento do confinamento, intentando cubrir na medida do posible as catro skills (destrezas) necesarias para a aprendizaxe dunha lingua: listening, speaking, reading and writing.<br><br>**LISTENING:** envío de cancións, vídeos expositivos de contido (vocabulario, estruturas empregadas,...), gravacións personais feitas por medio da aplicación Vocaroo, historietas onde se poñen en contexto os contidos, contos narrados con audio,...<br><br>**SPEAKING:** é, desafortunadamente a destreza que vai quedar menos traballada, debido a que, como tod@s sabemos, nunha situación de comunicación son imprescindibles varios elementos e, nestes momentos, de pouco serve que @s nen@s sexan produtores de mensaxes, cando non poden ter intercambio cun receptor e manter así unha conversa mínima. Aínda así, proporcionámoslle a posibilidade de utilizar a ferramenta Vocaroo, onde poden gravarse e escoitarse a eles mesm@s.<br><br>**READING:** Por unha banda, tratamos de facer unha selección minuciosa de cancións, vídeos expositivos, historietas e contos, con apoio de texto escrito. Por outra banda, contamos con ferramentas que nos permiten elaborar material adaptado a cada nivel.<br>Mencionamos algunhas actividades: verdadeiro/falso, unir palabras a debuxos ou audios, despregables, rodear, suliñar e/ou resaltar palabras e frases, ordear letras (para formar palaras), ordear palabras (para formar frases), identificar e ordear anacos de texto (tamén de cancións) para formar pequenos parágrafos...<br><br>**WRITING:** Utilizamos tamén aquí as ferramentas precisas para crear o material axeitado a cada nivel. Algunhas actividades:<br><u>- Para vocabulario: </u>escribir as vogais que faltan, xogos coma "o aforcado" e similares, encrucillados, escribir a palabra precisa,...<br><u>- Para estruturas máis longas:</u> escribir oracións curtas, poñer en orde frases deslabazadas, responder preguntas, elaborar preguntas a respostas dadas,... |

| | |
|---|---|
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Todas as actividades propostas van enfocadas cara ao ámbito lúdico da aprendizaxe dunha lingua.<br>Seleccionamos todos os recursos e actividades de todos os niveis, de xeito que o propio alumnado poida e deba autoavaliarse. Todas as actividades son autocorrixibles.<br>No caso da Plataforma Snappet o noso seguimento do traballo e a evolución do alumnado teñen lugar en tempo real. |
| **Materiais e recursos** | Selección minuciosa de vídeos expositivos por parte das titoras.<br><br>Selección minuciosa de cancións.<br><br>Tarefas e actividades deseñadas.<br><br>Uso de aplicacións, plataformas e ferramentas informáticas múltiples: Wordwall, Kahoot, Quizizz, Genially, Liveworksheets, ESL, PdfEscape, Vocaroo, Blinklearning, YouTube,...<br><br>Portátil E-Dixgal (en 5º e 6º).<br>Proxecto E-Dixgal (en 5º e 6º).<br>Plataforma Snappet (en 3º, 4º, 5º e 6º).<br>Espazo Abalar. |

| **4. Información e publicidade** | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Farase unha comunicación ás familias empregando o Abalar Móbil. |
| **Publicidade** | Na páxina web do centro. |